

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE MUÍÑOS

*CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE SUBSTITUCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE ASESOR/A PSICOLÓXICO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER.*

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral que se indica:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 17 de febreiro de 2025, aprobáronse as bases para a provisión dunha (1) praza de asesor/a psicolóxico/a para o Centro de Información á Muller.

1.- Número de prazas: 1 praza de asesor/a psicolóxico/a para o Centro de Información á Muller.

2.- Modalidade de contratación: contratación laboral temporal de duración determinada de substitución para a cobertura de posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo (D.A. 4ª p3º Real decreto Lei 32/2021).

3.- Xornada: completa

4.- Sistema de selección: concurso-oposición

5.- Duración do contrato: ata que finalice o proceso de selección para a cobertura definitiva desta praza como persoal laboral fixo (D.A. 4ª Real decreto lei 32/2021).

6.- Prazo e lugar para a presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación do presente anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello (<http://www.concellomuinos.com>) e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

En Muíños, a 17 de febreiro de 2025. O alcalde.

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

**R. 394**

